

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR VISITAS A MUSEOS, MONUMENTOS HISTÓRICOS
OU ARTÍSTICOS, E CENTROS E LUGARES ANÁLOGOS***ARTIGO 1. – NATUREZA E FUNDAMENTO.*

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, e de conformidade cos artigos 15 a 19 de dita Lei, o Concello de Cambados acorda a imposición e ordenación da Taxa por visitas a Museos, Monumentos Históricos ou Artísticos e Centros e lugares análogos.

ARTIGO 2. – FEITO IMPONIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa que se establece, a prestación dos servizos por visitas ó Museo Etnográfico e do Viño de Cambados, á Casa de Ramón Cabanillas, ó Muiño de A Seca ou a calquera outro centro análogo que se poida crear nun futuro.

ARTIGO 3. – SUXEITOS PASIVOS.

Serán suxeitos pasivos desta taxa, as persoas físicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos ou actividades que se detallan na tarifa anexa da presente Ordenanza, e, en concreto, aquelas persoas que soliciten efectuar visitas e non se atopen exentas do aboo da taxa, segundo se indica na referida tarifa.

ARTIGO 4. – RESPONSABLES.

En cumprimento do establecido polo artigo 16.1^a) da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese que responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios, os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 de dita Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5. – EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Non se concederá exención nin bonificación algunha á exacción da taxa que se establece, debendo axustarse, en todo caso, ó indicado na tarifa anexa.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos en normas con rango de Lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

ARTIGO 6. – COTA TRIBUTARIA.

A contía da taxa será a resultante da aplicación das tarifas contidas neste artigo.

TARIFAS

<i>CONCEPTO</i>	<i>IMPORTE EUROS</i>
Entrada normal	3,20
Maiores de 65 anos (50% desconto)	1,60
Rapaces de 10 a 18 anos (50% desconto)	1,60
Grupos, a partir de 25 persoas (20% desconto)	2,55
Nenos menores de 10 anos	Gratis

Nota. – Os descontos non serán acumulables, podendo facerse uso só dun dos establecidos.

ARTIGO 7.—DEVENGO.

Devengarase a taxa, e nacerá a obrigaçión de contribuír, coa solicitude persoal ou por escrito que se formule para efectua-la visita ós Centros ou lugares atinxidos.

ARTIGO 8.—LIQUIDACIÓN E INGRESO.

A liquidación efectuarase previamente ó inicio da visita ós lugares afectados pola presente taxa, aboándose as cotas correspondentes, en efectivo, á persoa designada polo Concello para levar a cabo a recadación das mesmas.

ARTIGO 9.—INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL.

A modificación da presente Ordenanza Fiscal, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA INSCRIPCIÓN NAS PROBAS SELECTIVAS
DE PERSOAL DO CONCELLO DE CAMBADOS.****ARTIGO 1º.—NATUREZA E FUNDAMENTO.**

A presente Ordenanza regula a taxa pola prestación da actividade de probas selectivas de persoal que organice este Concello, establecida no exercicio da potestade tributaria prevista nos artigos 133.2 da Constitución, artigo 106 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local e nos artigos 20 e 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible da taxa a inscrición ou matriculación nas probas selectivas que se convoquen para seleccionar ó persoal ó servizo deste Concello, tanto na condición de funcionario, como na condición de persoal laboral.

ARTIGO 3º.—SUXEITO PASIVO.

Será suxeito pasivo da taxa quen solicite a inscrición nas probas selectivas.

ARTIGO 4º.—DEVENGO.

A taxa devengarase no momento en que se solicite a inscrición.

ARTIGO 5º.—TARIFAS E COTA TRIBUTARIA.

A taxa esixirase de acordo coas seguintes tarifas:

	<i>IMPORTE</i>
Grupo A1 e asimilados	37,90 €
Grupo A2 e asimilados	32,40 €
Grupo C1 e asimilados	27,00 €
Grupo C2 e asimilados	21,65 €
Grupo E e asimilados	16,25 €
Probas para contratacións temporais	5,40 €